



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO, DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar co concello de Vilanova de Arousa o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata a finalización do campo de traballo e da extinción das obrigas previstas no mesmo.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Vilanova de Arousa para a organización do campo de traballo “*Natureza e patrimonio xunto ao mar*” de temática medioambiental e mariño, que se desenvolverá dende o 2 ata o 13 do mes de xullo, no concello de Celanova, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle a xestión das actuacións en materia de xuventude.

II. Que o Concello de Vilanova de Arousa, de conformidade co artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, pode asumir competencias na xestión das políticas en materia de xuventude como consecuencia do asinamentos de convenios, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración Local.





III.- Que ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.

IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que revertern directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo, tarefas que teñen unha incidencia e beneficios directos no entorno local no que se desenvolven as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito devese como exclusivo para a consecución de determinados fins.

Vilanova de Arousa preséntase como o marco perfecto para a posta en marcha da que sería a 2ª edición deste campo de traballo internacional por dous motivos: a fonda cultura tradicional mariñeira e de pesca do lugar e por outra banda o patrimonio arquitectónico relacionado co mar e coas costumes dos seu habitantes a que deu lugar a esta arraigada ligazón co mar.

Preséntase, así, este campo de traballo como un proxecto único, orixinal e innovador, xa que pretende levar a cabo unha actividade voluntaria de dobre canle. Por un lado, tarefas de conservación ambiental do litoral costeiro galego e por outra, a rehabilitación e a conservación dos ben arquitectónicos dos lugares ligados ao mar e ás súas costumes, praias do Terrón e zona do Illote de Insuíña..

Estes traballos, consensuados cos responsables do Concello Vilanovés, son de vital importancia para a recuperación e posta en valor pola xuventude da cultura do mar. Situado nunha contorna perfecta para o voluntariado medioambiental e mariño polos seus quilómetros de costa, así como polo patrimonio arquitectónico popular mariñeiro, este proxecto preséntase como a oportunidade definitiva para crear un valor turístico e cultural e protexer a cultura tradicional ligada ás costumes do mar.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Cecilia Vázquez Suárez

